

Acta núm. 05/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 22 de marzo de 2022.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
 José Luis Sampedro Bouzas.
 Sandy Marie Cebral Gómez.
 Carlos Noya Pereira.
 Non asiste: María Rosa Romero Fariña.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 22 de marzo de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2022, DO 08.03.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2022, DO 08.03.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 08.03.2022, acta núm. 04/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA TERESA RIAL GONZÁLEZ, na que comunica que vai construír un peche perimetral, nunha parcela sita no lugar de Brans de Abaixo nº 14 – Brión. O peche farase de malla metálica e postes ata a altura máxima de 1,80 metros, medidos dende á rasante natural do terreo, na parte frontal, e en contacto coa vía pública situarase enriba dun muro de contención xa existente, autorizado pola Xunta de Goberno Local de data 20.04.2021.

A parcela (6470109NH2476S0001OD) onde se pretende executar a obra aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano polo PXOM, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 81,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 146,37 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL LAMAS ROMERO, na que comunica que vai realizar varias obras nunha parcela sita no lugar de Vilas nº 10 – Bastavales, consistentes en:

- Peche de parcela coas parcelas lindantes e coa vía pública, con dúas fileiras de bloques de formigón gris, rematado con tapa do mesmo material; deixando un oco de 4 metros para portal e colocando dúas columnas de pedra.

- Soleira de formigón de 10 cm. de espesor no interior da parcela (zona de acceso á vivenda).

A parcela (6622819NH2462S0001AP) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Vilas, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como XBE6.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural de data 20.01.2022 (expte. 2382/21), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche deberá de afastarse a 4 metros do eixo do vial.
- O peche non pode superar a altura total de 1,80 metros sobre a rasante natural do terreo.
- Os bloques de formigón non poderán quedar á vista, debéndose enfuscar con morteiro e posteriormente pintar na cor tradicional da zona, suxeríndose, en calquera caso, que o peche se faga cos materiais e aparellos tradicionais no propio núcleo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 92,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 156,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NICOLÁS LOUZÁN PÉREZ, na que comunica que vai limpar con auga a presión e pintar as fachadas dunha vivenda unifamiliar sita na Urbanización Agro Novo nº 7 – Os Ánxeles.

A parcela (6346102NH2464N0007ML), na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 110,00 euros.

Total: 110,00 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de JUAN ANTONIO CASADO VEIGA, na que comunica que vai substituír as ventás existentes de aluminio lacado por outras de PVC coas mesmas dimensións, nunha vivenda sita na Urb. Monte Devesa nº 22, Os Ánxeles.

A edificación na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 155,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 219,67 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de JOSÉ LUIS SIMÓN CAMESELLE, na que comunica que vai substituír as ventás existentes de aluminio lacado por outras de PVC coas mesmas dimensións, nunha vivenda sita na Urb. Monte Devesa nº 6, Os Ánxeles.

A edificación na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 149,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 214,37 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de FRANCISCO ANTONIO CIDRAS ESCANEO, na que comunica que vai substituír as ventás existentes de aluminio lacado por outras de PVC coas mesmas dimensións, nunha vivenda sita na Urb. Monte Devesa nº 7, Os Ánxeles.

A edificación na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 140,30 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 204,87 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de MARÍA JOSEFA DOPAZO OUBIÑA, na que comunica que vai substituír as ventás existentes de aluminio lacado por outras de PVC coas mesmas dimensións, nunha vivenda sita na Urb. Monte Devesa nº 25, Os Ánxeles.

A edificación na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 149,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 214,37 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de XESÚS PENA ESPÍÑA, na que comunica que vai substituír as ventás existentes de aluminio lacado por outras de PVC coas mesmas dimensións, nunha vivenda sita na Urb. Monte Devesa nº 32, Os Ánxeles.

A edificación na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 145,60 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 210,17 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de JAVIER FERRO VILLEGAS, na que comunica que vai substituír as ventás existentes de aluminio lacado por outras de PVC coas mesmas dimensións, nunha vivenda sita na Urb. Monte Devesa nº 35, Os Ánxeles.
 A edificación na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 145,60 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 210,17 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para cambiar un transformador aéreo existente sobre apoio de formigón armado situado nas proximidades da aldea de Estrar, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data. 07.03.2022; visado nº 22200438.

A parcela onde se van executar as obras está clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza das áreas consolidadas pola edificación (NRL-1) e sitúase dentro da zona de protección da estrada autonómica AC-300, así como dentro da zona de afección do río Perros.

A Xunta de Goberno Local, á vista das autorizacións do Servizo Provincial da AXI da Coruña, (expediente IF204A/AC/2021/0978), do Servizo de Enerxía e Minas (expediente IN407A 2021/166-1), da autorización de Augas de Galicia de data 14.02.2022 (clave DH.W15.80275) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 188,99 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 253,56 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita en Brans de Abaixo - Brión. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabia dunha lonxitude total de 160 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 13.07.2021, visado nº 22101127.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (ref. catastral 7066206NH2476N0001ET) está clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2), e sitúase dentro da zona de protección do rego de Ameneiro.

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 10.10.2021 (clave DH.W15.79564), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 2.029,96 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 405,99 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 470,56 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda en Caxusa nº 16 (ref. catastral 8009826NH2480N0001QX) – Bastavales. Para a canalización do mencionado condutor, realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 77 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 01.03.2022, visado nº 22200390.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 555,40 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 111,08 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 175,65 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por LUCIA MOURIÑO RODRÍGUEZ, na que solicita licenza para executar obras de reparación dunha fachada medianeira na vivenda sita na Avda. dos Ánxeles nº 28 – Os Ánxeles, consistentes en recubrir a fachada lateral con paneis tipo sandwich, resultando preciso a ocupación da beirarrúa cun guindastre para poder realizar a obra. A parcela onde se pretenden executar as obras está clasificada polo PXOM como solo urbano adscrito a viais principais (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento da beirarrúa nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 301,50 €.
- O guindastre só poderá ocupar a beirarrúa durante o transcurso da xornada laboral e axustándose ao prazo indicado pola solicitante (3 días). Unha vez rematada a xornada laboral deberá de ser retirada, a fin de non dificultar o paso de peóns.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,31 euros.

Total: 60,31 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Flavia Concepción Piñeiro Ces, que di actuar en representación de JUAN MANUEL IGLESIAS DE LA IGLESIA, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Saime nº 28 – Bastavales, segundo proxecto de execución asinado polos arquitectos Maria Cruz Lijó Pérez, Flavia Piñeiro Ces e Francisco Prieto Orallo, que conta con visado colexial (nº 2106763), de data de 22.11.2021, e documentación posterior con datas de visado de 07.03.2022 e 10.03.2022.

A parcela (referencia catastral: 5027309NH2452N0001AZ) onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2 (áreas non consolidadas pola edificación), e situase na aldea de Saime, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM (clave identificativa: XBE3).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 28.02.2022 (expte. 522/22), e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polos arquitectos Maria Cruz Lijó Pérez, Flavia Piñeiro Ces e Francisco Prieto Orallo, que conta con visado colexial (nº 2106763) de data de 22.11.2021, e documentación posterior con datas de visado de 07.03.2022 e 10.03.2022.

.- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (31,70 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de

interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe do arquitecto municipal, a aceptación da cesión efectuada de 31,70 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 21 de marzo de 2022.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.913,15 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
- Total: 2.009,18 euros.

QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL SAMPEDRO CABO, na que solicita licenza de segregación dunha parcela con referencia catastral, 6763703NH2466S0001RO, sita no lugar de Lamiño – Brión, segundo proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado (nº 20220217) polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos-Agrícolas, (A Coruña-Pontevedra) de data de 02.03.2022.

Descrición da parcela de orixe:

Situación: Lugar de Lamiño, parcela nº 03 do polígono nº 67637 de catastro.

Referencia catastral: 6763703NH2466S0001RO.

Superficie: 1.101 m².

Clasificación: solo urbano consolidado UC-2, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM.

Lindes:

Norte: camiño.

Sur: camiño.

Leste: Josefa Berdullas.

Oeste: Manuel Pena.

Segregación pretendida:

a.- parcela nº 03 (resto da parcela matriz).

Superficie: 502 m².

Cesión para viario: 41 m².

Parcela neta resultante: 461m².

Clasificación: solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: finca nº 03-1, procedente desta segregación.

Sur: camiño.

Leste: Josefa Berdullas.
 Oeste: Manuel Pena.

b.- Parcela nº 03-1.

Superficie: 599 m2.
 Cesión para viario: 58 m2.
 Parcela neta resultante: 541m2.
 Clasificación: solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: camiño.
 Sur: Finca nº 03 (resto da parcela matriz), procedente desta segregación.
 Leste: Josefa Berdullas.
 Oeste: Manuel Pena.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de: 41 m² e 58 m², o abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.
 Total: 129,14 euros.

SIXTO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por AURELIO COUSO CAMBEIRO, na que solicita unha segunda prórroga do prazo de inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Saime 27, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local en data 09.02.2021, concedeu licenza de obras a Aurelio Couso Cambeiro e Yanina Grisel Izquierdo Frick, para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina en Saime 27, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.10.2020 e documentación complementaria visada o 15.01.2021.

Con data de 13.07.2021 a Xunta de Goberno Local concede prórroga de 6 meses para o inicio das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación do acordo. Consta no expediente acuse de recibo de data de 22.07.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o inicio das obras.

SÉTIMO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Chaves Rivas, que di actuar en representación de DOLORES RODRÍGUEZ GARCÍA e JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ GARCÍA, na que solicita a modificación da licenza de segregación (parcela con ref. catastral 8242701NH2484S0001MY), outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 05.10.2021, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardal Pardal, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña- Pontevedra) con data 03.08.2021, visado número CO- 20210488.

O motivo da solicitude é que a parcela descrita na anterior tramitación de licenza tiña unha extensión superficial de: 2.625 m². Agora, e unha vez corrixida a extensión da mesma á hora de proceder ao asento rexistral da escritura de segregación autorizada en Xunta de Goberno Local de data de 05.10.2021, a parcela de orixe ten asignada unha superficie de: 2.646 m² (+21 m²).

Vista a solicitude e o novo proxecto de segregación presentado e asinado polo mesmo técnico José Ramón Pardal Pardal, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) con data 24.02.2022, visado número CO- 20210488-modificado.

Descrición da parcela de orixe:

Situación: Outeiro- Os Ánxeles.

Referencia catastral: 8242701NH2484S0001MY.

Superficie: 2.646 m².

Clasificación: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño existente.

Sur: Manuel Míguez Villar (1095), Gerardo Freire Portas (1097), Josefa Vázquez Couselo (1098) e zona excluída.

Leste: Rosalía Nimo Patrón (1093).

Oeste: zona excluída.

Segregación pretendida:

Parcela matriz resultante:

Superficie neta: 552 m² .

Clasificación: solo de núcleo rural (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM

Lindes:

Norte: zona excluída (referencia catastral 8242702NH2484S de Obdulia Pedrouzo Raña) e camiño despois de parcela cedida.

Sur: zona excluída (referencia catastral 8242703NH2484S de José Ferreiro Rodríguez).

Leste: parcela segregada 1.

Oeste: zona excluída (referencia catastral 8242702NH2484S de Obdulia Pedrouzo Raña e mais dos solicitantes).

Parcela segregada 1:

Superficie neta: 895 m².

Clasificación: solo de núcleo rural (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM

Lindes:

Norte: camiño existente despois de parcela cedida.

Sur: Josefa Vázquez Couselo (1098), hoxe José Manuel Freire Vázquez (referencia catastral 8242707NH2484S) e, en parte, Gerardo Freire Portas (1097), hoxe Xosé Eliseu Mera Quintas (referencia catastral 8242723NH2484S).

Leste: parcela segregada 2.

Oeste: parcela matriz resultante e zona excluída (referencia catastral 8242703NH2484S de José Ferreiro Rodríguez).

Parcela segregada 2:

Superficie neta: 1.061 m².

Clasificación: solo de núcleo rural (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM

Lindes:

Norte: camiño existente despois de parcela cedida.

Sur: Gerardo Freire Portas (1097), hoxe Xosé Eliseu Mera Quintas (referencia catastral 8242723NH2484S) e María Amparo Buján López (referencia catastral 8242724NH2484S) e, en parte Manuel Míguez Villar (1095), hoxe María Isabel Míguez Pérez (referencia catastral 8242710NH2484S).

Leste: Rosalía Nimo Patrón (1093), hoxe Rosa María Carnota Fraga (referencia catastral 8242709NH2484S).

Oeste: parcela segregada 1.

Cesións:

Establecida a 4 metros do eixe do vial segundo o plano nº 2 do proxecto.

Superficie: 138 m².

Lindes:

Norte: camiño existente.

Sur: parcela matriz resultante, parcela segregada 1 e parcela segregada 2.

Leste: Rosalía Nimo Patrón (1093), hoxe Rosa María Carnota Fraga (referencia catastral 8242709NH2484S).

Oeste: zona excluída.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a modificación da licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de: 138 m², o abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,32 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
 Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González